

Auditores e economistas galegos apoian a Cruz Vermella na crise da Covid-19

- Colaboran nun plan para axudar a máis de 2 millóns de persoas
- O exministro Miguel Sebastián analizará os desafíos do futuro



Vigo, 25 de maio de 2020. O Instituto de Censores Jurados de Cuentas de España en Galicia (ICJCE Galicia) e o Consello Galego de Economistas únense para por en marcha a iniciativa *Una caña solidaria contra la Covid-19*, en favor do labor que leva a cabo a Cruz Vermella en Galicia. O obxectivo desta iniciativa é acadar o maior número de doazóns posibles, que irán destinadas integramente ao Plan Cruz Vermella Responde. Un plan que en dous meses atendeu a 56.251 personas a través de 93.253 intervencións integrais nos ámbitos de emerxencias, inclusión social, saúde, educación e emprego.

Trátase dun coloquio interactivo coa intervención do economista e exministro de Industria, Turismo e Comercio **Miguel Sebastián Gascón**, que analizará os desafíos aos que nos enfrentamos tras a crise provocada polo coronavirus cunha

Servicio de comunicación ICJCE Galicia

claudia.moran@puntoga.com / sara.alonso@puntoga.com

600 642 172 / 649 14 74 31

soa fin: a solidariedade con aquelas persoas máis golpeadas a consecuencia da pandemia da Covid-19.

A iniciativa solidaria terá lugar mañá martes 26 de maio ás 19:00 horas, coa participación de **Sebastián Gascón** como poñente e os presidentes do Consello Galego de Economistas e do ICJCE Galicia, **Miguel Ángel Vázquez Taín** e **Enrique González González**. Auditores, economistas e todos aqueles que desexen participar neste relatorio virtual, que se retransmitirá en *streaming* por Youtube Live a través do enlace https://www.youtube.com/watch?v=72zA_jJiv7A, poderán formular as súas preguntas en directo sobre o impacto da Covid-19 na economía no chat da plataforma.

Diante do insólito impacto social, económico e laboral desta crise e o previsible incremento das situacións de precariedade, Cruz Vermella amplía a súa intervención co chamamento Cruz Vermella Responde Recuperación para chegar a máis persoas, cunha segunda fase de 7 meses de duración na que se espera atender a máis de 2.400.000 persoas vulnerábeis.

“Dende o Instituto de Censores Jurados de Cuentas de España en Galicia (ICJCE Galicia) e o Consello Galego de Economistas cremos fundamental que dende os nosos colectivos profesionais fagamos todo o que esté na nosa man para axudar ás persoas máis golpeadas pola crise social provocada pola pandemia do coronavirus. É o momento de axudarnos os uns aos outros”, apunta Enrique González, presidente de ICJCE Galicia. “Parécenos fundamental que estas iniciativas de apoio ás familias máis necesitadas se prolonguen no tempo diante da difícil perspectiva económica que se nos presenta. Coa solidariedade de todos será máis doado gañar esta contenda”, sinala Miguel Ángel Vázquez Taín, presidente del Consello Galego de Economistas.

Miguel Sebastián Gascón, ex ministro de Industria, Turismo e Comercio dende 2008 ata o 2011 e actual conselleiro dominical na compañía Indra, é licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais e doutor en Economía. Actualmente exerce como profesor titular de Fundamentos de Análise Económica na Universidade Complutense de Madrid.

O ICJCE en Galicia representa aos profesionais e sociedades de auditoría de contas que operan nas catro provincias da comunidade e está enmarcado no Instituto de Censores Jurados de Cuentas de España, creado en 1942. Actualmente en Galicia constan no rexistro 423 auditores (228 individuais e 195 sociedades). O Consello Galego de Economistas agrupa aos catro colexios de economistas provinciais galegos, que no seu conxunto representan a máis de 4.800 profesionais da economía en Galicia.